

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: APROBACIÓN PADRÓN SAF OUTUBRO 2025

Na data 22/01/2026 o Alcalde ditou a Resolución que literalmente se transcribe:

“Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar que foi publicado no BOP nº 135 do 17 de agosto de 2014.

Visto o informe da traballadora social do concello, dona Margarita Docanto Alonso, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de **outubro de 2025**.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF no mes de **outubro de 2025**, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO: PRIMEIRO.- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de **outubro de 2025**, que consta de **124 recibos e un importe total de 6.992,21 €**

SEGUNDO.- Expoñer ao público o padrón aprobado, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses, a contar dende o **27/01/2026**. Transcorrido o devandito prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO.- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución”

Cabana de Bergantiños, a 22 de xaneiro de 2026

O Alcalde

Asdo. José Muíño Domínguez